

Proxecto de Lei pola que se modifica a Lei 2/2022, do 6 de outubro, de medidas extraordinarias dirixidas a impulsar a provisión de postos de difícil cobertura de determinado persoal estatutario con título de especialista en ciencias da saúde do Servizo Galego de Saúde.

A Lei 2/2022, do 6 de outubro, de medidas extraordinarias dirixidas a impulsar a provisión de postos de difícil cobertura de determinado persoal estatutario con título de especialista en ciencias da saúde do Servizo Galego de Saúde, estableceu con carácter extraordinario e temporal un réxime de provisión de postos de difícil cobertura de persoal estatutario con título de especialista en Ciencias da Saúde en Galicia, coa finalidade de garantir a adecuada atención sanitaria de toda a poboación galega. As devanditas medidas permiten, con fundamento no artigo 31 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, a selección de persoal fixo mediante concurso de méritos en determinadas categorías e postos de difícil cobertura que presentan peculiaridades nas súas tarefas. De tal forma garántese a incorporación urxente e permanente de persoal sanitario a aqueles destinos que, polas súas particularidades organizativas, asistenciais ou xeográficas, demostraron ser menos atractivos e, en consecuencia, difíciles de cubrir mediante os sistemas ordinarios de selección. Trátase de medidas excepcionais que son proporcionadas e xustificadas en aras do principio constitucional de eficacia, e respectan, en todo caso, os principios de igualdade, mérito e capacidade no acceso ao emprego público.

A Lei 2/2022 circunscribiu o seu ámbito de aplicación a determinados colectivos cuxos postos presentaban graves dificultades de cobertura, como o persoal facultativo especialista de hospitais comarcais ou persoal pediatra de Atención Primaria. A experiencia de aplicación da lei confirmou a heteroxeneidade no atractivo das prazas entre grandes cidades e zonas menos poboadas, subliñando a necesidade de incentivos potentes que mellorasen a súa provisión. As medidas previstas –en particular ofertar prazas fixas por concurso de méritos– reveláronse adecuadas e proporcionadas, achegando axilidade á actuación administrativa e reforzando a

estabilidade do persoal sanitario afectado, sen diminución algunha das garantías de obxectividade e publicidade inherentes aos procesos selectivos.

Por outra banda, debe lembrarse que a Lei 2/2022 concibiuse cunha vixencia temporal limitada (tres anos desde a súa entrada en vigor) e un carácter extraordinario. Vencido o seu período inicial, a Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas de Galicia, reactivou e prorrogou o réxime extraordinario da Lei 2/2022 por un novo prazo de tres anos, dada a persistencia das necesidades que motivaron aquela iniciativa, ademais de introducir certas modificacións puntuais na Lei 2/2022. En concreto, o artigo 69 da Lei 5/2025 dispuxo que a Lei 2/2022 sería aplicable durante outro período trienal, desde a entrada en vigor da devandita lei, garantindo así a continuidade dos seus efectos.

Nos últimos tempos constatouse a aparición doutro ámbito asistencial crítico non contemplado inicialmente. En concreto, está a evidenciarse unha dificultade preocupante para cubrir debidamente o cadro de persoal da categoría de Médico/a de Urxencias Hospitalarias no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO). En efecto, o Servizo de Urxencias Hospitalarias do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense atravesará actualmente graves dificultades de cobertura no seu cadro facultativo, debido á indispoñibilidade de profesionais, o que obriga a adoptar medidas de apoio temporal desde outras áreas sanitarias e a un esforzo extraordinario do persoal existente. Esta situación crítica evidencia a urxencia de incorporar persoal fixo en número suficiente para garantir o funcionamento eficaz dun servizo esencial como é a atención urxente hospitalaria da poboación de Ourense.

A categoría estatutaria de Médico/a de Urxencias Hospitalarias foi creada en Galicia mediante o Decreto 290/2001, do 31 de outubro, co fin de atender as necesidades asistenciais específicas dos servizos de urxencias hospitalarias. As peculiaridades da actividade asistencial nos servizos de urxencias –caracterizada pola proximidade á atención primaria e a multidisciplinariedade, requirir unha polivalencia clínica especial e responder a situacións críticas de forma inmediata– permiten apreciar tamén neste colectivo as singularidades nas

tarefas ás que alude o Estatuto marco. Ademais, a excepcional dificultade de cobertura constatada no CHUO acredita obxectivamente a necesidade de aplicar incentivos extraordinarios, en liña cos criterios e indicadores previstos para definir un posto de difícil cobertura (déficit estrutural de persoal, falta de aspirantes en bolsas, ausencia de solicitudes en traslados, etc.). Todo iso xustifica que as medidas extraordinarias da Lei 2/2022 se estendan tamén a este colectivo, asegurando así que a incorporación e permanencia de novo persoal facultativo no servizo de urxencias do CHUO quede incentivada tanto mediante a posibilidade excepcional de adquisición da condición de persoal fixo por concurso de méritos, como a través do resto de beneficios que a lei outorga ao persoal que ocupa postos de difícil cobertura (v.gr., maior valoración da súa experiencia profesional).

En definitiva, a Administración autonómica, en exercicio das súas competencias previstas no artigo 28.1 do Estatuto de autonomía de Galicia, en canto establece a competencia da Comunidade Autónoma galega para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado en materia de réxime xurídico da Administración pública de Galicia e réxime estatutario dos seus funcionarios, en relación co artigo 33 do Estatuto, que establece a competencia en materia de organización e administración da sanidade interior, considera necesario e urxente acometer esta nova modificación normativa. O obxectivo é garantir a prestación sanitaria nun ámbito crítico (o servizo de urxencias de Ourense), circunscribindo a medida a supostos estritamente xustificadas.

En particular, debe terse en conta que as numerosas medidas e incentivos profesionais e económicos adoptados ata o de agora pola Administración sanitaria para asegurar a provisión dos postos de difícil cobertura do persoal expresado non permiten resolver os problemas antes aludidos, polo que deben adoptarse medidas extraordinarias e temporais dirixidas a impulsar a provisión destes postos, de acordo co principio constitucional de eficacia da administración pública.

Nesta orde, considérase que a provisión destes postos de difícil cobertura a través do sistema de selección do concurso de méritos, cando así o xustificasen as circunstancias concorrentes e coas condicións e incentivos previstos na Lei 5/2022, do 6 de outubro, constitúe unha medida adecuada, necesaria e proporcionada para conseguir os obxectivos pretendidos, garantindo igualmente en todo caso os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como os de publicidade e competencia. Así, ademais da menor duración no tempo deste sistema de selección, que permite unha actuación da administración máis áxil e en liña co principio constitucional de eficacia e a necesidade urxente de cobertura dos postos, ha de destacarse que a oferta dun vínculo de fixeza é unha medida eficaz para garantir a prestación do servizo e fomentar a estabilidade do persoal encargado desa prestación. Debe tamén lembrarse, en particular, as graves dificultades que se observan na práctica para atopar profesionais co propósito de desempeñar con carácter temporal as correspondentes funcións.

Cabe, así mesmo, subliñar os problemas para a provisión dos postos de difícil cobertura mediante o sistema xeral de concurso-oposición, tendo en conta a non concorrencia de solicitudes pola falta de interese nas e os profesionais nos concretos postos e a escaseza de profesionais dispostos á preparación específica das probas selectivas da fase de oposición, tendo en conta o tempo que requiren e a existencia doutras opcións profesionais. Non existen, en definitiva, outras medidas con igual eficacia para alcanzar o obxectivo pretendido, dada a situación exposta.

De acordo co exposto, esta lei introduce no seu artigo único unha disposición adicional na Lei 2/2022, do 6 de outubro, co obxecto de estender a aplicación da lei ao persoal da categoría de Médico/a de Urgencias Hospitalarias do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, incluída a valoración dos servizos prestados de acordo co artigo 4 da indicada lei, nos mesmos termos e condicións establecidos nela. Aclárase que a disposición resultará de aplicación durante todo o período de vixencia da Lei 2/2022, do 6 de outubro.

A lei recolle tamén unha disposición transitoria única, relativa aos procesos iniciados antes da entrada en vigor da Lei, unha disposición derogatoria única, e dúas disposicións derradeiras, a primeira de habilitación para o desenvolvemento normativo, e a segunda relativa á entrada en vigor, que se establece, polo seu propio contido e urxencia, no día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

A presente lei axústase desta forma aos principios de boa regulación contidos no artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico de Galicia, ao responder as medidas previstas nela á satisfacción de necesidades de interese xeral coa debida proporcionalidade, eficacia e eficiencia, ao recollerse na norma os obxectivos perseguidos a través dela e a súa xustificación como esixe o principio de transparencia, e ao introducirse a través dela, conforme o principio de seguridade xurídica, as modificacións precisas nas disposicións vixentes.

Artigo único. *Modificación da Lei 2/2022, do 6 de outubro, de medidas extraordinarias dirixidas a impulsar a provisión de postos de difícil cobertura de determinado persoal estatutario con título de especialista en ciencias da saúde do Servizo Galego de Saúde.*

Engádese unha disposición adicional única na Lei 2/2022, do 6 de outubro, de medidas extraordinarias dirixidas a impulsar a provisión de postos de difícil cobertura de determinado persoal estatutario con título de especialista en ciencias da saúde do Servizo Galego de Saúde, coa seguinte redacción:

"Disposición adicional única. Extensión da aplicación da lei ao persoal da categoría de Médico/a de Urgencias Hospitalarias do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

1. As medidas extraordinarias previstas nesta lei, incluída a valoración dos servizos prestados de acordo co artigo 4, serán igualmente de aplicación ao persoal da categoría de

Médico/Médica de Urgencias Hospitalarias do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, nos mesmos termos e condicións establecidos na propia lei.

2. A presente disposición resultará de aplicación durante todo o período de vixencia da Lei 2/2022, do 6 de outubro, incluída a súa prórroga temporal establecida en virtude da Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, ou das sucesivas disposicións normativas que, no seu caso, acorden posteriores prórrogas da devandita vixencia.”

Disposición transitoria única. *Procesos iniciados antes da entrada en vigor desta Lei*

O previsto nesta lei non será de aplicación aos procesos de selección ou provisión de postos de traballo convocados ou iniciados antes da súa entrada en vigor.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa*

Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opuxeren ao disposto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento normativo*

Habíltese o Consello da Xunta de Galicia para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento desta lei.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.